



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO EDIFICIO INSTITUCIONAL E DE I+D NO CASCO VELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrución sen materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA coa UVIGO para o financiamento do edificio institucional e de I+D da universidade no casco vello de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da CONSELLERÍA, coordinar as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

No artigo 7 da dita Lei 6/2013, do 13 de xuño, indícase que as universidades públicas do SUG estrutúranse en campus universitarios concibidos como complexos organizativos territoriais e espazos de integración e convivencia. Por ese motivo cando a Xunta de Galicia fomenta o avance das universidades públicas cara a organización territorial, tendente a unha maior especialización, compatibilidade e calidade docente e investigadora no Campus de Vigo, non é necesario promover a concorrência competitiva xa que o referido campus está integrado na UVIGO (segundo o establecido na disposición adicional primeira da referida Lei do Sistema universitario de Galicia). Esta circunstancia xustifica a imposibilidade de conveniar con outras universidades para esta finalidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 10 de maio de dos mil dezaseis.

(asinado dixitalmente)

